

A Coruña en Verso: Poema ó meu mar (Miguel González Garcés)

8 Decembro, 2014 Vivir na Coruña Coruña en verso, Rúa Real Non hai comentarios

Comezamos cada semana cunha cita coa poesía sobre A Coruña. Este venres é o 25 cabodano de Miguel González Garcés, velaquí a nosa homenaxe aos seus versos, uns nos que todo é mar.

Miguel González Garcés (A Coruña, 1916-1989). Unha das voces poéticas máis singulares que deu a cidade da Coruña. Poeta, articulista, dinamizador cultural, a súa figura está vinculada ás de Urbano Lugrís, Antón Avilés de Taramancos ou **Manuel Álvarez Torneiro**, pero tamén a outras voces de xeracións posteriores como Xulio López Valcárcel ou Xavier Seoane.

Foi director da **Biblioteca Pública do Estado** na cidade, hoxe de xestión compartida coa Xunta de Galicia e que leva o seu nome, como o leva a rúa na que está situada. Historiador e cronista da Coruña, foi presidente da Asociación Cultural Iberoamericana.



Cartaz homenaxe ao 25 cabodano de Miguel González Garcés.

Autor dunha ampla obra poética, en principio escrita en castelán primeiro e en galego a partir da década dos sesenta, no ano 1968, con este longo e fermoso poema que publicamos hoxe, gañou o premio Festa da Cantiga.

O vindeiro venres día 12, o día no que se cumpre o 25 cabodano do seu pasamento, na biblioteca que leva o seu nome, recibirá a homenaxe dos escritores da cidade, nun recital poético musical, organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, coa colaboración da biblioteca.

POEMA Ó MEU MAR

QUIXERA, eu ben quixera que tivese o meu verso

a sombra soave do ceo borrallento

no mare,

a verdecrara luz do piñeiral solemne,

a craridade maina dos fiunchos nas ribeiras do Mero.

Pero a outra espranza, a imposible espranza

é que o meu verso erguérase

fero, baril e irto como o mar.

Como o mar dos roquedos da miña Torre

sin acougo dos séculos bañada
polas xaraibas e os salgados ventos
e as lunes tráxicas que saúdan os navíos
co medo relixioso do viandante
que pola noite pasa a carón dun cruceiro.

Non sei si poderá ter o meu verso
a doce resoancia da cantiga,
dunha vella cantiga latexante
de amores, de saudades, de lembranzas...

Eu ben quixera que o meu canto fose
unha herbiña que é berce dunha pinga de luz,
unha frol amarela dunha xesta,
ou miúda miosotis nas orelas do río.

Meu mar é bretemoso, crarísimo, labrusco,
ecoante de brados, de amprios horizontes,
de manseliñas praias nas luminosas rías.

Loitador destemido, arriscado, fervente,
de raiolas azues cando crébase o día
e vén de vagariño a luz nova da espuma.

Sentín na miña infancia nos cabezos
o podente cachón, os espumallos,
o buligar das ondas cantareiras,
os fuxidíos peixes nas pucharcas,
a beleza acouchada nas actinias,
a follaxe de xebras e calocas,
o coruscar de pelra dos finxidores naces.

Afastado en recunchos ollei moito para o mare.
Tamén ele era espello cunha sombra bulinte
no fondo de min mesmo.

Ás veces dáme medo
o témero, o imponente, o subprime, orguloso e maxestoso mare.
Ás veces é un laio, un suspiro entre conchas
ó pe dos castiñeiros. Un irmán homildoso
cáseque supricante.
E quixera doarlle a bronquedá dos montes,
o cántico dos merlos

O cantado dos muros,

o voar nos abrentes de anduriñas,

a luz tremeluciente de roseiras,

a música de fonte bulidora

na taza dalgun craustro esmorecido.

Tamén sabe o meu mar das sombras dos carballos,

das pregarias dos cons, dos muros das eirexas,

dos peiraos nos que bulen as ondas pracenteiras.

Toda Galicia é mar.

Vieiras nas tumbas, nas praias, nos cruceiros.

Toda Galicia é mar.

Buguinas de Caión, vellas naves de pedra de Muxía.

Pelouros de Malpica que crebaron as olas

nunha noite de anguria

dun Nadal.

Mar de actinias, mar de cercellas, mar de redes

nas que rebule aínda

a viva prata dunha xouba nova pequeniña

que cecais volva ó mar.

Mar de camiños, mar de vieiros, mar de perelinaxes.

Badías nas que deitanse os vellos barcos cansos.

E non haberá frol –nin o xasmín, nin rosa, nin mimosa de abril–

que teña o recendo salobre e garimoso dos algazos.

O mar ten frautas, e cornos, e trombós.

E tamén resoa nos mencers, no rosadiño abrete,

unha gaitiña lene cando vai saíndo do seu seo o sol.

Da mar que eu falo é a máis grande, a máis fermosa das mares.

É a miña mar galega.

Toda Galicia é mar.

Durme nas rías cos soños verdes de arumes de pinos

e rechouchío de xílgaros.

Ruxe nos con sergueitos. No Vilán, na Torre, na Fisterra, no Ortegal.

Toda Galicia é mar.

Vivo o abalo constante do mare verdecente
ó pe dos grande muros que teceu a Historia.
O absurdo xemidor de non se sabe cal pena.

Solemne, irta, ergueita, maxestosa,
Rubindo pedra a pedra hastra si mesma,
podente diante as ondas,
soñando cos seus soños millentarios,
a miña Torre é vixía do meu mare
que racha, fende, enemigos roquedos
cas verdes, azues, brancas, roxas,
ondas os outos berros.

A Torre que edificou Breogán –ou cecais Hércules-
refrexa no seu espello
toda a plenitude do mar.

E tamén unhas illas lontananas que soñou Ith.

Endexamaís Eirín foi unha terra.
Engado do soño dun poeta galego que ollou nun espello o mar.

Nos grandes riscos báñanse as sales azúes da viva mar.

Nunha furna a Serea peitea os seus cabelos louros

Entre das olas fulxen os pavos reás verdes,
as miúdas pombiñas, o voo de maxestade das gaivotas.

E un corvo, que é unha mota moura no azul.

E o sol é un soar de abellas no serán
namentras nos vellos tempos das vilas solagadas
resoan, co berce das augas, as campás.

Toda Galicia é mar.

Ala de anxo que deixou o seu prumaxe
nunha praia calquera dunha ría.
Froles de prata inmensa que van bicar Betanzos
ou miragre tranquío de Afrodita dormida
entre das augas de Sada e Gandarío.

Na Ponte do Pedrido, redondos castiñeiros
deixan caer nas areas seus froitos rente as conchas.

Marela praia en Miño, piñeiral de Cabanas.

Ría de O Ferrol. Feitizo dunhas fadas feiticieiras
que nasceron para sementar beleza.
E endexamaís fixeron unha tal.

Ría de Santa Marta, onde a Capelada e o Miranda teñen as augas
como doncelas prisioneiras.
Onde a Terra -zé a Terra, ou cecais será Venus que fiou con Neptuno?-
semella asoballar ó mar.

Mar de San Andrés de Teixido, mar do misterio,
mar da vida e da morte, mar do alén,
da herba de namorare, das cobras, dos milladoiros,
dos cumios que chegan hastra o sol,
dos corvos aló, no fondo domar, mar das Gabeiras...

Mar de Estaca de Bares, cabo do mundo nordesío das Españas.
Onde xermolan unhas pequenas froles amarelas
e unha inmensa magnolia de espuma que nega os Aguillós.

E haberá a quen semelle o mar oscuro. Toda Galicia é luz.

Mais agora o meu canto é o do inxente penedo
sobor das mesmas nubens,
dos chíos viradores das goldrías
nos rebumbios podentes dos roncallos.

E o da Torre mañífica, é o do Faro
envolveito nun manto de brétemas douradas,
de berrantes balbordos,
dos abalantes brancos de pranos nas escumas.

Este mar que non medo ós homes máis harilae

Este mar que ponlleu os nomes mais vanes,
que asobía e marmura, que xoga cos navíos,
que brúa trafegueiro.

E non canto somente a meu mare.

Canto máis ós meus homes. Os homes de Galicia
mariñeiros, que saben de fervezas e ardentías,
de naufraxios, de muros abatidos, de máxicas viradas,
de arrumbadas escumas...

Mar tráxico, mar fero, esguío fungador, meu mar galego.
tamén fermoso e mol, de praias calmas, de mazás nas áreas,
de conchas nos concheiros,
de mar de vran na Cruña, mar das rías,
faciana sorrinte e verdadeira do meu gran enemigo.
Meu mar, meu mar!




Foto: Chano Amado